

José Manuel Mato Díaz, Alcalde-Presidente do Concello do Paradela

FAGO SABER

Que á vista da situación sanitaria actual e en consonancia coas medidas acordadas pola Xunta de Galicia, adóptanse as seguintes medidas que entrarán en vigor o venres día 13 de marzo e manteranse ata novo aviso:

1º: Peche da Casa Niño, Centro Socio cultural e Instalacións Deportivas.

2º: Suspensión de todas as actividades deportivas, culturais e sociais programadas e as **feiras mensuais**.

Realízanse as seguintes recomendacións:

1º: Acudir ás oficinas municipais só en caso de **NECESIDADE URXENTE**.

Métodos de xestión a distancia:

- Telemática: Poden entrar na sede electrónica municipal a través da páxina web <http://www.paradela.es/gl> ou ben <https://paradela.sedelectronica.es>
- Vía telefónica chamando ao 982 54 11 01.

2º: Seguir as recomendacións do Ministerio de Sanidade e da Consellería de Sanidade, especialmente no concernerente a limpeza e aseo (lavar as mans e a cara frecuentemente con auga e xabón)

3º: Non facer viaxes e desprazamentos que non sexan imprescindibles

4º: Evitar no máximo posible o contacto físico, especialmente con persoas dos grupos de risco.

Teléfonos de información para casos leves:900400116

Teléfonos para emerxencias e casos graves:061

Prégase aos veciños que colaboren para evitar a propagación deste virus evitando toda situación de risco e cumprindo coas indicacións do Ministerio de Sanidade.

Documento asinado ao marxe electronicamente

